
ENTROIDO CURSO 23/24

Neste curso 2023/2024 a festividade do Entroido celebrarase a semana **do 5 ao 9 de febreiro**. Partiremos da temática do proxecto da Biblioteca escolar que leva por nome **“Exploradores en acción”**. As actividades a realizar ao longo desta semana son as seguintes:

- **COMADRES E COMPADRES:** Como xa se leva facendo durante varios anos no noso centro, este curso tamén recrearemos a festa de comadres e compadres, que se leva a cabo os dous últimos xoves anteriores ao sábado de entroido. Os nenos e nenas deben elaborar un boneco/a, para levar ao centro o día que corresponda. Esta actividade será voluntaria para todo o alumnado e os/as que queiran participara terán que elaborar o boneco/a de comadre ou compadre na súa casa. Os xoves correspondentes, na hora do recreo, os nenos e nenas poderá sacar os seus bonecos e decidir se queren, ou non, que o alumnado do sexo oposto llo quiten.
 - **Xoves 1 de febreiro. Compadres:** as nenas saen ao recreo co seu boneco/a.
 - **Xoves 8 de febreiro. Comadres:** os nenos saen ao recreo co seu boneco/a.
- **MANDADIÑOS DO MECO:** Outra tradición que tamén queremos conservar é a de seguir os mandadiños do Meco. Así, a partir do luns, teremos que estar pendente das mensaxes que este nos deixe para acudir ao centro. Todos os mandadiños serán colgados o venres anterior á semana de entroido para que a comunidade educativa poida ir preparando os elementos precisos. Non son acumulativos, vestiremos só o que nos indique cada día.
- **DESFILE DE ENTROIDO: O venres 9 de febreiro,** realizaremos, como ven sendo habitual, un desfile polo pobo, xunto cos demais centros da contorna. Para ese día, o alumando terá que vir disfrazado seguindo a temática mencionada “Exploradores en acción”:
 - **Educación Infantil:** dinosauros.
 - **1º, 2º e 3º de Educación primaria:** exploradores, paleontólogos ou historiadores.
 - **4º, 5º e 6º de Educación Primaria:** mulleres e homes da prehistoria.

Esta organización segue a lóxica científica, creando unha liña do tempo tal e como vimos traballando este curso co proxecto mencionado.